

Xunta de Galicia
Corpo Facultativo Superior de Bibliotecas
Primeiro Exercicio
Promoción Interna
Opción A

1.		Que asociacións estableceron definicións, directrices e tipos para as Bibliotecas Nacionais?
	a	OCLR e ACLR
	b	UNESCO e FID
	c	UNESCO e ALA
	d	ALA e PICA
2.		A dixitalización é actualmente a técnica máis avanzada para a conservación dos documentos orixinais e para facilitar o acceso á información en bibliotecas e arquivos. Das seguintes propostas cal non é certa:
	a	Que todas as copias teñan igual calidade
	b	Que as copias sexan fieis ao orixinal
	c	Que non se poida acceder a un documento dixitalizado de xeito múltiple e simultaneamente
	d	Que se poidan obter copias noutros soportes
3.		Segundo Svend Dahl o poeta Calímaco desenvolveu labores de bibliotecario na:
	a	Na biblioteca Palatina
	b	Na biblioteca de Pompeia
	c	Na biblioteca de Alexandría
	d	Na biblioteca romana iniciada por Asinio Pilón
4.		Nun catálogo, o operador booleano <i>y, e, and</i> é:
	a	Un operador de intersección
	b	Un operador de exclusión
	c	Un operador truncado
	d	Un operador de adaxencia
5.		As linguaxes documentais cumpren as seguintes funcións:
	a	Representación
	b	Axuda para a recuperación da información
	c	Son linguaxes que non cumpren ningún tipo de función específica
	d	Normalización, indución, representación
6.		Cronoloxicamente onde aparece primeiro nos incunables a marca tipográfica do taller de impresión?:
	a	Na portada
	b	No colofón
	c	No canto
	d	No lombo
7.		<i>Building a Catalog of Internet Resources</i>, é un proxecto da OCLC, e o seu resultado foi:
	a	CORC
	b	O catálogo InterCat
	c	A adecuación das normas de catalogación ISBD o tratamento dos recursos electrónicos
	d	A adecuación do formato MARC e as regras de catalogación ao novo tipo de materiais
8.		Juan de Gherlinc e Gonzalo Rodríguez de la Pasera asócianse:
	a	Á imprenta Compostelá
	b	Á imprenta en Mondoñedo
	c	Á imprenta en Monforte
	d	Á imprenta en Monterrei
9.		A Bibliografía española editada ata fai pouco en soporte papel, estase elaborando en edición electrónica e inclúe:
	a	Soamente monografías

	b	Monografías e publicacións periódicas
	c	Monografías, música impresa, cartografía e publicacións periódicas
	d	Monografías, publicacións periódicas e gravacións sonoras
10.		Que acontecemento ocorrido en 1767 contribuiu ao enriquecemento bibliográfico das bibliotecas de España?
	a	A desamortización
	b	A expulsión dos xesuítas
	c	A Revolución Francesa
	d	A lei Moyano
11.		O <i>International Standar Serial Number</i> (ISSN) é un código único que identifica as publicacións periódicas de todo o mundo, e:
	a	Xestióna unha rede internacional formada por 77 países, e ten a súa sede en París
	b	Depende da <i>Standar Office</i> da <i>British Library</i>
	c	Ten a responsabilidade a <i>International Standar Office</i> da Unión Europea, e ten a sede en Bruselas
	d	Foi un acordo tomado no <i>Information Sciences Institute</i> (ISI) para identificar a súas publicacións periódicas, e o acordo foi aceptado internacionalmente
12.		Se a información que ata agora se procesa en termos de entrada e saída de parámetros se procesase en termos do seu significado, estaríamos a falar de:
	a	Indización automática
	b	Utilización de descritores
	c	Web semántica
	d	Descritores frase
13.		Segundo R.D. Stueart, e B.B. Moran, en planificación os plans operativos son:
	a	Sempre semestrais
	b	Sempre anuais
	c	A curto prazo
	d	A longo prazo
14.		<i>RefWorks, EndNote Web, Pro Cite</i>, son:
	a	Modelos para as tarefas de selección e expurgo das coleccións
	b	Xestores bibliográficos
	c	Distribuidores de bases de datos
	d	Sistemas integrados de xestión bibliotecaria
15.		O Decreto do 17 de xullo de 1858 ten relación con:
	a	Completar a segunda fase da desamortización
	b	A creación do corpo facultativo de arquivistas - bibliotecarios
	c	A devolución á Compañía de Xesús das súas bibliotecas
	d	A regulación das bibliotecas especializadas españolas
16.		A calidade da publicación dun traballo de investigación científica, segundo a norma máis estendida mídese por:
	a	A consideración e recoñecemento que lle dea a comunidade científica desa area
	b	A difusión que teña na Internet
	c	O índice de impacto que acade a publicación no <i>ISI Journal Citation Report</i>
	d	O número de citas que teña o traballo no <i>Essential Science Indicators</i>
17.		J. López Yepes chama á efectividade, eficiencia e satisfacción coa que un produto permite alcanzar obxectivos específicos aos usuarios específicos nun contexto de uso específico:
	a	Protocolo Datagrama de Usuario (UDP)
	b	Uso uniforme
	c	Usabilidade
	d	Unifax
18.		Martínez de Sousa define como iluminacións:
	a	O uso de pan de ouro nas ilustracións antigas
	b	O uso do <i>minium</i> na xilografía
	c	A decoración de manuscritos con iniciais e ilustracións
	d	O uso do <i>minium</i> nas ilustracións

19.		O sistema formal polo que se engade información ou codificación á forma electrónica dun documento, de tal xeito que represente o seu significado e permita, así, controlar o seu procesamento chámase:
	a	Tecnoloxía web
	b	Estándar
	c	Linguaxe de marcas
	d	Metadato
20.		Martínez de Sousa define como representacións gráficas narrativas:
	a	<i>O comicus</i>
	b	A comandita
	c	O comento
	d	<i>O cómic</i>
21.		Unha característica da industria editorial española é:
	a	Non existe participación de capital transnacional
	b	Os grandes grupos editoriais non contan con canles propios de distribución
	c	A grande desconcentración da produción diseminada entre moitas e moi pequenas editoriais
	d	A fragmentación e escasa entidade dos puntos de venda
22.		A marca de propiedade dun libro, na que consta o nome do dono ou da institución á que pertence o exemplar e que se localiza normalmente na folla de garda fixa no interior da tapa dianteira chámase:
	a	Selo
	b	Signatura
	c	<i>Tejuelo</i>
	d	<i>Ex libris</i>
23.		ICABS é un acordo levado a cabo no ano 2003 na Conferencia Xeral da IFLA:
	a	Entre todos os países representados
	b	Entre a IFLA e a Conferencia de Directores de Bibliotecas Nacionais
	c	A petición dos representantes das bibliotecas norteamericanas
	d	Non foi un acordo senón unha decisión da propia IFLA
24.		En España existe un Catálogo Colectivo de Publicacións Oficiais?
	a	Non, aínda non existe un catálogo único
	b	Algúns ministerios publican de cando en vez índices das súas publicacións
	c	Existe un Servizo Central de Publicacións dependendo do Ministerio da Presidencia que elabora o Catálogo de Publicacións Oficiais
	d	É o Ministerio de Educación e Ciencia o responsable da elaboración do Catálogo de Publicacións Oficiais
25.		O proxecto <i>CegalNet</i> da Confederación Española de Gremios e Asociacións de Libreiros pretende:
	a	Chegar a establecer convenios de colaboración para a distribución en España
	b	Chegar a acordos entre as asociacións de libreiros en prezos e comercialización
	c	Permitirá unir as librerías a través da Internet e a entrada dos libreiros na sociedade da información
	d	Ser unha plataforma reivindicativa fronte a Administración ante a crise do comercio do libro nestes últimos tempos
26.		No modelo organizativo dun CRAI poden converxer xunto ao servizo de Biblioteca Universitaria outros servizos universitarios?
	a	Si
	b	Exclusivamente nos CRAI das Universidades Inglesas
	c	Exclusivamente nos CRAI das Universidades dos EEUU
	d	Exclusivamente nos CRAI das Universidades alemás
27.		Na opinión de J. López Yepes, cal das seguintes afirmación sobre o DSI non é certa?
	a	O DSI pode realizarse de varias formas
	b	O DSI individual pode obtelo o usuario de forma periódica
	c	O DSI colectivo non existe
	d	Co DSI personalizado o usuario recibirá a información sempre que esta se produza, e sen que teña que volver a solicitala
28.		No medievo na biblioteca da Sorbona, os fondos da <i>Pequena Librería</i>:

	a	Podían ser tomados en préstamo
	b	Non podían ser tomados en préstamo
	c	Eran os libros do reitor
	d	Eran os libros de Pierre de Sorbon
29.		Que se entende na actualidade por biblioteca híbrida?
	a	As hemerotecas
	b	As bibliotecas especializadas
	c	As bibliotecas públicas
	d	As bibliotecas con materiais impresos e dixitais
30.		A Memoria de Iberoamérica é un proxecto:
	a	Das bibliotecas nacionais dos países suramericanos dirixido pola UNAM
	b	Dentro do programa da UNESCO <i>Memoria Mundi</i> , que propón a conservación de fondos raros e únicos existentes nas bibliotecas nacionais iberoamericanas
	c	Da <i>Library of Congress</i> para os fondos antigos en fala hispana
	d	Que corresponde a unha das iniciativas de ICABS para a conservación dos fondos antigos e valiosos de todos os países hispano falantes
31.		Aloys Senefelder vincúlase á:
	a	Linografía do século XVII
	b	Linografía do século XVIII
	c	Litografía directa do século XVII
	d	Litografía directa do século XVIII
32.		De 0 a 18 é:
	a	Un <i>repositorio</i> de recursos electrónicos educativos (CENICE)do Ministerio de Educación
	b	Unha sección da rede de sedes web das bibliotecas públicas españolas
	c	Unha sección de literatura infantil e xuvenil (biblioteca dixital) das bibliotecas da Comunidade de Madrid
	d	Unha nova sección creada despois das últimas obras feitas na Biblioteca Nacional
33.		O proceso de indización documental implica:
	a	Facer a descrición bibliográfica
	b	Equivale a decidir os encabezamentos de materia
	c	Describir o contido dos documentos de forma analítica
	d	Elaborar índices
34.		Das seguintes organizacións, cal propuxo recentemente unha nova definición de Biblioteca Universitaria?
	a	Documat
	b	REBIUN
	c	Dialnet
	d	Teseo
35.		Na venda de libros, no marco da Lei 10/2007 de 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, poderán aplicarse prezos inferiores ao de venda o público cando os consumidores sexan as Bibliotecas?
	a	Si
	b	Non
	c	Só para adquisicións de fondos literarios
	d	Só para lotes de libros destinados a clubs de lectura
36.		Na Lei 16/1985, de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español, que título recolle o Patrimonio Documental e Bibliográfico:
	a	O IV
	b	O V
	c	O VI
	d	O VII
37.		Unha das liñas estratéxicas de REBIUN no II Plan estratéxico 2007-2010 é:
	a	Rebiun no ámbito da docencia
	b	Rebiun no ámbito da dixitalización

	c	Rebiun no ámbito da e-biblioteca
	d	Rebiun e calidade
38.		A biblioteca dixital <i>Dioscorides</i>, é un proxecto resultado dun convenio establecido entre:
	a	A Universidade Complutense de Madrid, a Fundación Ciencias da Saúde e os laboratorios <i>GlaxoSmith</i>
	b	A Biblioteca Nacional e a comunidade de Madrid para dixitalizar os fondos correspondentes Guerra da Independencia
	c	A Biblioteca Nacional e o a fundación <i>Ramón y Cajal</i> para dixitalizar os fondos de ciencias da Saúde dos séculos XV o XVIII
	d	Non existe a Biblioteca <i>Dioscorides</i>
39.		Das seguintes propostas cal non é unha técnica presupostaría operacional?
	a	Presuposto por partidas
	b	Presuposto de base cero
	c	Presuposto de capital
	d	Presuposto por programas
40.		Unha biblioteca considérase dixital se cumpre un dos seguintes requisitos:
	a	Son unicamente depósitos de documentos electrónicos importados
	b	Soamente almacenan os tesouros bibliográficos para ser consultados telematicamente
	c	Os documentos están aloxados en servidores da entidade responsable
	d	A colección non se organiza cos criterios bibliotecarios estándares establecidos
41.		O grupo de persoas que desenvolve voluntariamente actividades de mellora na súa propia área de traballo chámase?
	a	Xestión de persoal por obxectivos
	b	Círculo de calidade
	c	Circuíto integrado no cadro de persoal
	d	Sistema de calidade
42.		O Instituto do Libro Español (ILE)
	a	Nace no ano 1935 para favorecer a exportación de libros a Hispanoamérica
	b	Nace no ano 1936 para organizar as feiras de Libros
	c	Nace no ano 1939 para impulsar a edición de libros
	d	Nace no ano 1835
43.		Das seguintes publicacións cal, baseándose no seu carácter bibliométrico, permite coñecer as revistas máis importantes nunha área de coñecemento?
	a	<i>Sigle</i>
	b	<i>Journal Citation Report</i>
	c	Índice de <i>Price</i>
	d	Índice de <i>Platz</i>
44.		O acceso aos catálogos doutras bibliotecas desde o catálogo propio e a mesma interface é posible:
	a	Polo desenvolvemento do entorno web
	b	Porque todas as bibliotecas utilizan as mesmas normas de catalogación
	c	Pola aplicación de programas servidor cliente como o Z39.50
	d	Non é posible o acceso a outros catálogos dende o propio
45.		Unha das directrices IFLA/UNESCO (2001), para as bibliotecas públicas é:
	a	Non dar a información a todos os niveis, para iso xa están os distintos tipos de bibliotecas
	b	Ser a ponte entre os que posúen información e os que carecen dela, diminuír a fenda dixital
	c	Non crear nin manter redes electrónicas, esa función cúmprenas as centrais de telecomunicación
	d	Non ten unha función alfabetizadora
46.		O fin da era Gutenberg prognosticado por McLuhan, Lancaster e outras autoridades na materia implica un efecto nas bibliotecas en relación as súas infraestruturas do seguinte xeito:
	a	As bibliotecas non lles afecta en nada en canto aos seus espazos
	b	Terán mais importancia as salas multimedia e os espazos virtuais
	c	As bibliotecas son espazos restrinxidos para a lectura e o estudo
	d	A <i>Paperless society</i> soamente afecta ás redes sociais na Internet
47.		Se falamos de e-librerías e novas formas de comercialización e presentación do libro, o máis novedoso témolo representado por:

	a	O gremio de libeiros españois
	b	Editorial Planeta
	c	Amazon.com
	d	Díaz de Santos
48.		Segundo Eugenio Tardón, xestión da colección versus xestión de recursos de información, equivale a:
	a	Que o termo colección como información propiedade é substituído por acceso á información
	b	Ter que eliminar todas as tarefas que se levan a cabo no procesamento da colección
	c	Que toda a información estea en servidores remotos
	d	Que na xestión dos recursos de información teñamos que basearnos máis en indicadores externos que na satisfacción dos usuarios
49.		The International DOI Foundation (IDF) encargada da xestión do identificador DOI para obxectos dixitais é:
	a	Unha axencia oficial internacional semellante á Axencia Internacional do ISBN
	b	Un órgano creado pola IFLA para garantir os dereitos dos autores de documentos dixitais
	c	Un consorcio de membros comerciais e non comerciais asociados, unha comunidade aberta sen fins de lucro e que é controlada por un consello executivo elixido polos membros da Fundación
	d	Un comité derivado da W3C para o control e identificación de documentos electrónicos
50.		A avaliación da colección física nunha biblioteca é un dos procesos necesarios para levar a cabo unha xestión eficaz da colección; cal destes factores non é necesario ter en conta neste proceso?
	a	A calidade das publicacións
	b	A obsolescencia da información
	c	Os cambios nas necesidades informativas nos usuarios
	d	O cambio de signaturas
51.		Un dos problemas que pon de manifesto o expurgo nas bibliotecas é a elección do método para levalo a cabo. Para elo, no contexto da política de desenvolvemento das coleccións, é necesario fixar previamente uns criterios claros. Non é un criterio entre os que se propoñen:
	a	O contido temático
	b	A previsión de uso
	c	O estado físico do material
	d	Os criterios que estableza o bibliotecario/a responsable da biblioteca
52.		No formato IBERMARC o símbolo # representa:
	a	A entrada dun subcampo
	b	Un dos signos convencionais das ISBD
	c	Un signo de repetición
	d	Un branco nos campos codificados e noutras situacións especiais nas que a ausencia dun carácter poda resultar ambigua
53.		No ámbito das redes sociais o Opac social ou 2.0 non significa:
	a	A aplicación das tecnoloxías e a actitudes da web 2.0 o catálogo bibliográfico
	b	Permitir aos usuarios incluír textos e realizar comentarios
	c	Permitir aos usuarios incluír etiquetas ou palabras chave que describan o contido do obxecto dixital
	d	O control por parte de ningún software nin propietario nin libre
54.		Dos seguintes, cal é o Decreto de Refundición da normativa en materia de Bibliotecas en Galicia?
	a	Decreto 41/ 2001, do 1 de febreiro
	b	Decreto 42/ 2001, do 1 de febreiro
	c	Decreto 43/ 2001, do 1 de febreiro
	d	Decreto 44/ 2001, do 1 de febreiro
55.		FRBR é unha recomendación da IFLA sobre requisitos funcionais para rexistros bibliográficos coa finalidade de:
	a	Poder ligar un rexistro con outros aloxados noutros sistemas e que aporten máis información sobre os mesmos
	b	Ligar rexistros de distintas bibliotecas
	c	Reestruturar os datos nun catálogo e que poda a reflectir a estrutura conceptual dos recursos de información
	d	Ver os parciais do conxunto de documentos asociados baixo un ítem

56.		O Libro Très Riches Heures du Duc de Berry foi ilustrado por:
	a	Fragonard
	b	Os irmáns Limbourg
	c	Jean Fouquet
	d	Jean Bourdichon
57.		O ISADN é:
	a	O número internacional normalizado de datos de autoridade
	b	O número internacional normalizado que identifica audiovisuais
	c	O número internacional normalizado para identificar referencias bibliográficas de documentos publicados en publicacións periódicas
	d	Unha especificación das FRBR
58.		A xestión da colección dunha biblioteca significa:
	a	Seleccionar, adquirir, tratar, preservar, expurgar e avaliar
	b	Seleccionar e adquirir fondos
	c	Observar que a colección cubre as necesidades dos usuarios
	d	Ter a colección claramente ordenada para a localización dos distintos documentos
59.		A American Library Association (ALA) define Rede de Bibliotecas como:
	a	Un tipo especial de colaboración bibliotecaria para o desenvolvemento centralizado de servizos e programas cooperativos
	b	Sociedade formada por un grupo de bibliotecas xeralmente restrinxida a unha área xeográfica constituída para desenvolver e compartir os recursos de todos os membros
	c	Sociedade formada por un grupo de bibliotecas xeralmente restrinxida a unha clase de bibliotecas, constituída para desenvolver e compartir os recursos de todos os membros
	d	Sociedade formada por un grupo de bibliotecas xeralmente restrinxida o interese por unha materia constituída para desenvolver e compartir os recursos de todos os membros
60.		No formato IBERMARC, a continuación da cabeceira e o directorio presentanse os campos ordenados pola súa etiqueta. Os campos coas etiquetas 852, 856 representan:
	a	Elementos de fondo
	b	Notas
	c	Localización
	d	Campos locais
61.		The British Library foi creada no 1753 como::
	a	<i>National Central Library</i>
	b	<i>British National Bibliography</i>
	c	<i>British library</i>
	d	Biblioteca do <i>British Museum</i>
62.		A Clasificación Decimal Universal (CDU) contén unhas táboas auxiliares que recollen unha serie de códigos de puntuación cun significado propio; así o signo + é:
	a	Un signo de relación entre dous ou máis temas conectados
	b	De extensión, une a primeira e a última dunha serie de divisións consecutivas para designar conceptos asociados ou distintos aspectos dun mesmo concepto para os que non existe un número que os represente
	c	O signo coordinación que une dous ou máis números da CDU non consecutivos
	d	De fixación de orde
63.		O Catálogo colectivo de Prensa Galega (CSBG):
	a	É o catálogo que ven construindo a Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela desde o ano 1985
	b	É o Catálogo de prensa galega elaborado pola Casa Galega de Madrid
	c	É un proxecto do Ministerio de Cultura para a difusión da prensa histórica
	d	Contén o catálogo de publicacións dixitalizadas accesibles a través da Internet
64.		ALFIN asóciase :
	a	Á formación de usuarios
	b	A unha das variantes do formato <i>wordcat</i>
	c	A un programa de preservación de documentos dixitais
	d	A unha metodoloxía de análise de datos
65.		Para a indización por materias utilízase unha linguaxe documental:
	a	Precoordinada

	b	Poscoordinada
	c	Libre
	d	Automática
66.		A Proctor asóciase a:
	a	Os estudos tipográficos sobre incunables
	b	A clasificación da caixa de escritura dos manuscritos
	c	A identificación da escritura cuneiforme
	d	A identificación dos ideogramas da escritura xeroglífica
67.		Cal é a Norma ISO que establece as directrices para o establecemento e desenvolvemento de tesauros monolingües?
	a	ISO 2384 1977 (E)
	b	ISO 2788 1986 (E)
	c	ISO 2789 1991 (E)
	d	ISO 7275 1985 (E)
68.		FRANAR e VIAF asóciase a:
	a	PICA
	b	CONSPECTUS
	c	ICABS
	d	UNESCO
69.		Nun sistema integrado de xestión bibliotecaria, o módulo de adquisición:
	a	Incluíra pedidos, facturación, pagos, reclamacións e recepción, coa información de cada unha destas funcións relacionada coa información bibliográfica do material
	b	Soamente son necesarios os datos de pedido, recepción e facturación
	c	Inclúen pedidos, recepción, facturación e pagos pero non consideran as reclamacións
	d	Os módulos de adquisición nos sistemas integrados de xestión bibliotecaria non están moi desenvolvidos ata agora
70.		O Catálogo Colectivo Español de Publicacións Periódicas (CCPP) mantido pola Biblioteca Nacional:
	a	Reúne os rexistros de todas as revistas publicadas no país
	b	Reúne os rexistros da colección depositada na Biblioteca Nacional
	c	Reúne os rexistros das coleccións depositadas na Biblioteca Nacional e nas Bibliotecas Públicas do Estado
	d	Inclúe as publicacións periódicas de unhas 1.100 bibliotecas españolas
71.		A etiqueta 856 do Formato Marc 21 permite:
	a	Navegar polos distintos campos do rexistro bibliográfico
	b	Ligar desde algún campo a outros rexistros bibliográficos
	c	Ligar coas versións electrónicas de todo tipo de documento: libros, revistas, artigos
	d	A ligazón cos documento recollidos na biblioteca dixital
72.		Metalib é un software propietario que se desenvolve a modo de portal que facilita a xestión integral dos recursos de información e ten unha das seguintes características:
	a	Ser un metabuscador que permite a busca simultánea e transversal a distintos recursos electrónicos
	b	Ser un metabuscador que permite a busca simultánea aos distintos recursos electrónicos recollidos no catálogo dunha biblioteca dixital
	c	Non permite contornos personalizados
	d	Non permite contornos virtuais de aprendizaxe
73.		O perfil bath é
	a	Unha variante do ZING International Next Generation para importar rexistros bibliográficos por áreas
	b	Un mecanismo auxiliar desenvolvido no ámbito do protocolo Z39.50 que especifica os atributos que melloran a busca e recuperación da información
	c	Un programa incorporado ao catálogo InterCat que permite facer alertas sobre os recursos electrónicos recuperados da web harvesting
	d	Un software que permite gravar perfís temáticos e que pode aplicarse a calquera catálogo como servizo de valor engadido
74.		SRU-SRW (Search retrieval via URL) estándares deseñados e mantidos pola Library of Congress-LOC como aporte para a estandarización da busca e recuperación da información en ambientes web resultan:

	a	Do desenvolvemento da web <i>harvesting</i>
	b	Da evolución do protocolo Z39.50
	c	Da evolución da etiqueta 856 do formato MARC
	d	Da modificación dos campos de recuperación dos motores de busca
75.		Os documentos non aparecidos no resultado dunha busca bibliográfica chámanse:
	a	Taxa de fallo
	b	Relevancia de fallo
	c	Silencio documental
	d	Ruído documental
76.		Os catro principios que inspira o conxunto de metadatos Dublín Core son:
	a	Cobertura internacional, normalización, indución e representación
	b	Semántica universal, normalización, indución e representación
	c	Fácil creación, estandarización, extensibilidade e representación
	d	Simplicidade de creación e mantemento, semántica universal, cobertura internacional e extensibilidade
77.		Para atopar máis documentos sobre un tema do meu interese podo incluír sinónimos na miña ecuación de busca. Para conectar os sinónimos entre si teño que utilizar:
	a	AND
	b	NEAR
	c	NOT
	d	OR
78.		Son copias de substitución:
	a	Aqueles documentos que substitúen a outros que son retirados despois de ter realizado o proceso de expurgo
	b	Aqueles documentos que substituímos por perda
	c	Os documentos resultado de transferir o contido a outro soporte físico distinto do documento obxecto de copia
	d	Ningunha destas tres respostas son certas
79.		Víctor McCrary define o contido transmitido ou exhibido nun aparato ou sistema para súa lectura, e tamén ao aparato de lectura, habitualmente portátil, que se emprega para ler o contido dixital, como:
	a	Sistema integrado de xestión bibliotecaria
	b	OPAC
	c	Interface
	d	Libro electrónico
80.		Que significa o acceso segundo demanda?
	a	Cando un usuario solicita na biblioteca acceder a un dos recursos electrónicos que a biblioteca ten contratados
	b	O acceso a un documento concreto que se solicita a unha axencia distribuidora e se paga por dito acceso
	c	As posibilidades que ten unha biblioteca de dar acceso asdu ás súas instalacións segundo a demanda dos usuarios
	d	Non significa nada
81.		Na Clasificación Decimal Universal o código numérico 159.9 representa un documento de:
	a	Teoloxía pastoral
	b	Psicoloxía
	c	Formas de organización política
	d	Psicopedagogía
82.		Un sistema de xestión de bases de datos:
	a	É o conxunto de datos organizados en campos
	b	Un conxunto de referencias bibliográficas e documentais
	c	O programa que permite a creación, mantemento e explotación da bases de datos
	d	É a linguaxe de representación e os datos que representa
83.		Dentro dos criterios cualitativos que se deben ter en conta para a creación de bibliotecas segundo Keyes Dewitt Metcalf, experto no tema, non está a:
	a	Funcionalidade
	b	Fácil comunicación e accesibilidade

	c	Compartimentación
	d	Comodidade
84.		Se a ecuación de busca na base de datos CSIC-ISOC para o tema a industria hoteleira en Madrid é: de has “industria hotelera” and tp has “Madrid”
	a	Estamos a planear unha busca por comandos
	b	Facemos unha busca automática nos índices da base de datos
	c	É o procedemento para facer unha busca por campos
	d	E una ecuación falsa porque non existen os operadores utilizados
85.		O recoñecemento do papel que deben xogar as bibliotecas públicas en tanto institucións garantes dunha sociedade ben informada, e de gobernos transparentes, como complemento dos medios de comunicación, está recollido:
	a	No manifesto de Alexandría sobre bibliotecas IFLA (2005)
	b	Nas directrices IFLA/UNESCO (2001)
	c	Carta dos dereitos dos usuarios nas bibliotecas da UNESCO (1995)
	d	Na introdución do documento de creación de ICABS (2003)
86.		As iniciativas de Open Access xurden nos últimos anos do século XX:
	a	Promovidas polas multinacionais editoras americanas
	b	No eido das publicacións científicas
	c	Constitúen todas as publicacións na Internet
	d	É unha iniciativa da Unión Europea
87.		Google Scholar axuda a localizar literatura académica e científica na web e ademais é unha base de datos bibliométrica porque:
	a	Identifica o impacto dun recurso pola súa taxa de citas
	b	Os metadatos están elaborados co estándar Dublín Core
	c	Permite as ligazóns con outros recursos da mesma área de coñecemento
	d	Permite a busca por palabras chave no texto integral
88.		Quen é responsable da edición en español da CDU?
	a	A Biblioteca Nacional e AENOR (Asociación Española de Normalización e Certificación)
	b	A FID (Federación Internacional Documentación) e AENOR
	c	A Biblioteca Nacional e a FID
	d	A Biblioteca do Instituto Cervantes e a FID
89.		SFX é:
	a	Unha tecnoloxía que permite ás bibliotecas proporcionar ligazóns e navegación entre sistemas de información heteroxéneos
	b	Unha linguaxe universalmente utilizada para editar páxinas web na Internet
	c	Un formato de metadatos desenvolvido polo DCMII
	d	Unha variante do formato Marc para eprints
90.		As bibliotecas universitarias, principais subscritoras de bases de datos e revistas científicas, víronse obrigadas pola promulgación da Lei de Contratos da Administracións Públicas a contratar estes produtos mediante concurso; de que tipo?
	a	Restringido
	b	Non se adquire este material por concurso
	c	Aberto
	d	Negociado ou pactado
91.		Unha das liñas que forma parte do primeiro obxectivo do ICABS é o mantemento e desenvolvemento das ISBD, e o organismo responsable é:
	a	<i>A Library of Congress</i>
	b	A Biblioteca Nacional Española
	c	<i>A Deutsche Bibliothek</i>
	d	<i>A British Library</i>
92.		Nunha lista de encabezamentos de materia, un encabezamento principal expresa o tema de que trata o documento; e un subencabezamento de forma:
	a	Representa o punto de vista baixo o que se estuda un tema
	b	Representa o período histórico que estuda a obra
	c	Representa o tipo de documento concreto ou o modo en que se representa a materia no mesmo

	d	Non existe
93.		A cabeceira do formato MARC 21 é:
	a	Un campo fixo que comprende as 24 primeiras posicións (00-23) de cada rexistro e subministra información para o procesamento do rexistro
	b	Un campo fixo que contén unha serie de códigos que da por defecto o propio sistema
	c	Un campo variable con datos que aporta o catalogador
	d	Un campo fixo coas etiquetas que se van a utilizar nos campos variables
94.		Como se chama o sistema composto por unha cadea alfanumérica que ten como obxectivo identificar de forma unívoca un recurso electrónico, e servir como vínculo persistente e estable á localización dese contido na web?
	a	TEI
	b	DOI
	c	RDA
	d	XML
95.		Atendendo á visibilidade da información na Internet, o Page Rank é:
	a	Un programa de recuperación de páxinas web da Internet invisible creación da W3C
	b	Un software hacker que fai posible a visualización de páxinas web de acceso restrinxido
	c	Unha medida que indica o número de enlaces que un sitio web recibe de outros sitios e a calidade dos mesmos
	d	Un programa de software libre que avalía páxinas web de calidade
96.		Un documento secundario é:
	a	Un documento que contén o corpus orixinario dunha obra
	b	Un documento que contén información xa rexistrada ou probada noutra fonte
	c	Un documento referencial que contén datos e informacións sobre documentos primarios
	d	Un documento resultado da tradución ou adaptación doutro
97.		Las weblogs son sitios persoais de actualización frecuente destinados a guiar aos internautas sobre un tema determinado. Unha weblog, pódese considerar como literatura gris?
	a	Non, porque é un documento público e difundido na rede
	b	Non, porque existen blogs con información altamente especializada e de grande interese e son moi consultados
	c	Si, porque non teñen un control bibliográfico ao carecer de identificacións normalizadas
	d	Non, porque non son documentos ocultos senón moi accesible e visibles
98.		A Biblioteca Popular de Santiago de Compostela, creada a comezos do século XX, fundouse aproveitando os fondos:
	a	Da Sociedade Económica de Amigos do País
	b	Da Biblioteca do Pazo de San Lorenzo
	c	Da Biblioteca da Casa do Pobo
	d	Da Biblioteca do Pazo de Bendaña
99.		O conxunto de documentos de tirada limitada e circulación restrinxida, que non se poden obter nos canais habituais de venda como informes internos, etc. chámase?
	a	<i>Proceedings</i>
	b	Galeradas
	c	<i>Pre-prints</i>
	d	Literatura gris
100.		A rede de bibliotecas do CSIC utiliza para a elaboración dos encabezamentos de materia dos seus rexistros:
	a	<i>Library of Congress Subject Headings</i>
	b	A Lista de encabezamentos da universidade de Laval
	c	Listas de encabezamentos de SEARS
	d	A Lista de Encabezamentos de Materia da Rede de Bibliotecas do CSIC
101.		Cal é o organismo permanente de estudo sobre o sector do libro e de asesoramento á Administración Autonómica no referente ás políticas relacionadas co do libro galego e o fomento da lectura en Galicia?
	a	A FEGAL
	b	A Federación de Libreiros de Galicia

	c	O Consello Asesor do Libro
	d	O Padroado Rosalía de Castro
102.		Se un usuario solicita indicacións acerca de fontes de información sobre o tratamento da depresión, cal destas bases de datos debería recomendárselle?
	a	<i>Inspec</i>
	b	<i>Greenfile</i>
	c	CSIC-IME
	d	<i>Eric</i>
103.		Europeana é:
	a	A Rede de Bibliotecas da Unión Europea
	b	Un proxecto da Unión Europea para crear unha base de datos cos patrimonios bibliográficos dos estados que a compoñen
	c	O Plan de Acción de Bibliotecas II, financiado pola Dirección Xeral XIII da Comunidade Europea
	d	O Plan de Acción de Bibliotecas III, financiado pola Dirección Xeral XIII da Comunidade Europea
104.		Que é PUB-MED
	a	Un sistema de busca desenvolvido polo <i>National Center for Biotechnology Information</i> que permite o acceso ás bases de datos bibliográficas compiladas pola <i>National Library of Medicine</i>
	b	É un grande editora americana especializada na comercialización de enciclopedias e manuais médicos.
	c	É unha distribuidora de software médicos para o ensino e practicas médicas
	d	É o acrónimo de publicacións médicas
105.		Non é membro institucional do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, (BUGALICIA):
	a	A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do sistema Universitario de Galicia
	b	A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual
	c	A Dirección Xeral de Política Lingüística
	d	O Centro de Supercomputación de Galicia
106.		<i>The Journal Citation Report</i>, que elabora listas de factor de impacto das revistas científicas é un produto xestionado por:
	a	EBSCO
	b	<i>Silver-Plater</i>
	c	<i>Thomson Scientific & Healthcare</i>
	d	<i>Research Libraries Group (RLG)</i>
107.		A tendencia actual do mercado do libro en España segundo a Federación do Gremio de editores (2006) é:
	a	Publicar moitos títulos e reducir a tirada
	b	Publicar poucos títulos e reducir o número de exemplares
	c	Publicar a maior parte en edición electrónica
	d	Publícase a demanda
108.		DOAJ é:
	a	Un directorio de revistas electrónicas en acceso aberto creado polo <i>Open Society Institut</i> de Budapest
	b	Unha base de datos que referencia información científica e técnica
	c	Un repertorio de pre-prints
	d	Unha das grandes empresas editoriais americanas dedicada á distribución de bases de dato
109.		Non son actividades propias da animación e promoción do libro e as bibliotecas:
	a	As campañas publicitarias
	b	Un debate cun autor
	c	Unha exposición conmemorativa
	d	O préstamo a domicilio
110.		Nas ISBD unificadas a estrutura cambia para integrar a descrición de todo tipo de recursos e proporcionar mais coherencia entre as estipulacións para a catalogación dos diferentes recursos; estes cambios non afectan:
	a	Á puntuación prescrita nas ISBD tradicionais
	b	Ás definicións que se recollen nun glosario que inclúe as existentes no 0.2 de cada ISBD xunto coas que había nos diferentes apéndice das ISBDs individuais
	c	Ao uso da área 3 que se limita á información matemática dos recursos cartográficos, información do formato musical, e á numeración das publicacións seriadas, e omítese para os recursos electrónicos.

	d	Á área 6 na que o ISSN é obrigatorio se está dispoñible no recurso.
111.		Os termos que configuran un <i>Thesaurus</i> teñen a seguinte relación:
	a	A que determina a orde alfabética
	b	Teñen unha relación xerárquica, de equivalencia e asociativa
	c	Simplemente asociativa
	d	De equivalencia
112.		O <i>Catón Compostelano</i> é:
	a	Un incunable impreso na cidade de Santiago de Compostela
	b	Unha publicación periódica
	c	Un códice medieval conservado na Biblioteca da Catedral de Santiago
	d	Unha gramática conservada na Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela
113.		Usando un buscador como Google non atoparías:
	a	Os libros que hai na biblioteca
	b	Datos biográficos de personaxes famosos
	c	Catálogos comerciais de produtos
	d	Información sobre empresas
114.		Cando dicimos que un artigo científico é un pre-print referímonos a:
	a	Un texto dixital que aínda non foi revisado, sen <i>peer-review</i>
	b	Versión dixital dun artigo científico con <i>peer-review</i>
	c	Soamente á versión electrónica dun artigo que previamente foi publicado nunha revista en papel
	d	É o documento que se obtén como resultado da avaliación <i>revisión por pares</i> dun artigo científico
115.		A petición de copias de documentos pódese facer por múltiples medios, pero hoxe nas bibliotecas están bastante estendidos programas específicos como:
	a	SIGB
	b	SOD
	c	RLG
	d	GEDI
116.		Juan de la Cuesta foi o impresor da primeira edición do:
	a	Amadis de Gaula
	b	Quixote
	c	Buscón
	d	Lazarillo de Tormes
117.		Os servizos de alerta informativa son:
	a	Os servizos que prestan os bibliotecarios/as referencistas no Servizo de Información e Referencia das bibliotecas
	b	Servizos de difusión selectiva en contornos automatizados
	c	Servizos que dan a coñecer as novidades por compra nunha biblioteca
	d	Servizos de noticias de actualidade
118.		Para Oscar Arriola, segundo a norma ISO 11620 cal dos seguintes non é un criterio para probar un indicador de rendemento?
	a	Contido informativo
	b	Fiabilidade
	c	Idoneidade
	d	Veracidade
119.		A palabra ou grupo de palabras incluídas nun tesouro e escollidas de entre un conxunto de termos equivalentes para representar sen ambigüidade unha noción contida nun documento ou nunha petición de busca documental chámase:
	a	Descritor
	b	Encabezamento ideográfico
	c	Termo
	d	Encabezamento de materia
120.		A carta para a preservación do patrimonio dixital é unha iniciativa de:
	a	IFLA
	b	ALA

	c	UNESCO
	d	Comisión da Unión Europea

Reserva

121.		No ano 1885 Juan Fernández Latorre e Andrés Martínez de Salazar crean a editorial de vocación rexionalista:
	a	<i>Bibliófilos Gallegos</i>
	b	<i>Biblioteca de Escritores Gallegos</i>
	c	<i>La Voz de Galicia</i>
	d	<i>Biblioteca Gallega</i>
122.		No contexto europeo, e a nivel colectivo cabe destacar a creación da rede europea EnIL que ten como obxectivo:
	a	Promover a alfabetización informacional no seo da Unión Europea
	b	Determinar estándares normalizados para o tratamento dos recursos electrónicos
	c	Promover medidas de preservación e conservación de recursos dixitais.
	d	Organizar e difundir sitios web recuperados da Internet invisible
123.		Das seguintes afirmacións, cal corresponde aos Libros de Horas?
	a	Non ter ilustracións
	b	Ser obras de gran formato
	c	Ser libros privados de oracións que se recitaban ao longo do día
	d	Sempre son libros manuscritos